

A pegada ecolóxica dos desprazamentos e viaxes na UDC (CURSO 2023-2024)

AVANCE

Cunha media de 810 kg CO₂/persoa e ano, a UDC rexistra unhas emisións de 15.882 t CO₂ anuais e unha pegada ecolóxica de 2.533 hectáreas de bosque galego.

O presente estudo da pegada ecolóxica (PE) da mobilidade da UDC foi realizado en novembro de 2023 coa calculadora OMA-Emapic da PE da mobilidade, unha ferramenta desenvolvida pola Oficina de Medio Ambiente da UDC e o Laboratorio de Cartografía da Escola de Camiños

Obtivoase unha PE media de 810 kg CO₂/persoa e ano, mentres as emisións totais acadaron a cantidade de 15.882 t CO₂ (considerando o persoal existente nese momento e a matrícula para o curso 2023-2024). O resultado desta campaña indica unha redución das emisións per cápita do 2,5% con respecto a novembro de 2022, mentres a caída das emisións totais foi do 11,5% debido maiormente á redución da comunidade universitaria. A participación na enquisa acadou nesta ocasión as 607 respostas fronte ás 779 e 625 das medicións anteriores.

A PE variou desde os 709 kg CO₂/persoa e ano para o estudantado até os 1495 kg CO₂/persoa e ano para o PAS¹, situándose nunha posición similar para PEC² (1490 kg CO₂/persoa e ano) e intermedia para PDI³ (1236 kg CO₂/persoa e ano). O factor de emisión do estudantado é claramente inferior ao do persoal. Así, aínda que este colectivo achega o 74% da PE total, sendo o 84% da comunidade, o maior potencial de redución fica na man dos colectivos de persoal. Por xénero, o valor global foi maior para os homes, que superaron nun 11,3% a PE das mulleres.

Por zonas dos campus, como en medicións anteriores, obtívose unha PE claramente maior á media en Ferrol. Con todo, e agás Elviña, A Zapateira e Ferrol, o número de respostas noutras zonas foi moi reducido para considerar fiables as súas cifras desagregadas. Por centros, só 4 centros superaron as 30 respostas ao cuestionario (as facultades de Ciencias, Informática, Ciencias da Educación e Economía e Empresa, por esta orde) e rexistraron valores medios no rango de 625 a 1200 kg CO₂/persoa e ano. No resto dos centros, o número de respostas non permite considerar como fiable o resultado asignado, se ben contribúen a definir o valor medio por zonas do campus e o de toda a universidade.

A enquisa tamén indagou a opinión sobre as opcións de o transporte público colectivo entre o domicilio e o centro universitario. Só o 27% das persoas respondentes consideraron axeitados os servizos existentes, mentres a maioría atopou carencias en itinerarios (38%), frecuencias (24%) ou calidade do servizo (11%). O 22,6% non se beneficiou da redución de prezos e/ou

¹ Persoal de Administración e Servizos

² Persoal de Proxectos e Convenios

³ Persoal Docente e Investigador

identificou o alto prezo do transporte colectivo como limitante do seu uso. Pola outra banda, a redución de prezos en itinerarios frecuentes animou ao 32,8% das persoas a utilizar máis o transporte público colectivo. Por último, o 24,5% declarou elevado o impacto ambiental dos seus desprazamentos, sen ver opcións para reduci-lo, mentres o 14,5% reclamou o fomento das opcións de baixo impacto por parte da Universidade.

A continuación preséntanse varias táboas con valores medios por colectivo, xénero, ou zona do campus (obtidos directamente da estatísticas facilitada polo mapa online OMA-Emapic, de acceso libre), así como os valores totais da pega ecolóxica, ponderada en función dos pesos relativos de cada colectivo universitario. A enquisa de mobilidade, como se pode consultar no informe da edición de abril-maio de 2022, permite obter moita máis información, en particular relativa á frecuencia de viaxes e modos de transporte, que será analizada nun informe posterior.

A enquisa e os resultados rexistrados no mapa pódese consultar en:

<https://emapic.es/custom/mobilidade-desprazamentos-udc>

PRINCIPAIS DATOS DA CAMPAÑA (Avance)

Novembro 2023, período do 16/11 ao 4/12 de 2023.

Respostas recibidas na enquisa OMA-Emapic de pegada ecolóxica por mobilidade na UDC, por colectivo e zona dos campus da UDC (nº de respostas)

Zona campus	Total	Estudantes	PAS	PDI	PEC/INV	Mulleres	Homes	Non binario
Elviña	301	120	72	80	29	149	144	8
A Zapateira	139	78	15	42	4	79	59	1
Ferrol	80	38	16	20	6	46	31	3
Oza	29	18	5	6	0	20	9	0
Riazor	20	10	3	5	2	7	13	0
Maestranza	17	0	15	1	1	11	5	1
Oleiros	18	9	3	4	2	5	13	0
Total UDC*	607	276	129	158	44	319	275	13

Comunidade universitaria e emisións totais asociadas á súa mobilidade no curso 2023-2024 na UDC

Colectivo	Persoas		Respostas		Emisións de CO ₂		
	Nº	%	(nº)	%	kg/persoa·ano	t / ano	% s/total
Estudiante	16536	84,4	276	1,7	709	11724	73,8
PAS	860	4,4	129	15,0	1495	1286	8,1
PDI	1613	8,2	158	9,8	1236	1994	12,6
PEC/INV	590	3,0	44	7,5	1490	879	5,5
Total	19599	100,0	607	3,1	810	15882	100,0

Pegada ecolóxica media por colectivo e zona dos campus da UDC (kg CO₂/ano)

Zona campus	Total ^a	Estudantes	PAS	PDI	PEC/INV	Mulleres ^a	Homes ^a
Elviña	786	731	1813	729	1042	1009	10039
A Zapateira	774	652	1086	1318	1967	729	1232
Ferrol	1034	872	1348	1848	2877	1708	953
Oza	799	477	1252	3680	-	1103	1653
Riazor	770	499	<----- 2141 ----->			168	1940
Maestranza	811	-	837	-	-	518	1858
Oleiros	1123	1070	<-----1537 ----->			2171	969
Total UDC	810	709	1495	1236	1490	1025	1141

Notas: ^a Media ponderada polo peso de cada colectivo. ^b Para xénero non binario, cun total 13 respostas, PE media foi de 666 kg CO₂/ano.

Pegada ecolóxica nos centros cun maior número de respostas (total e para o colectivo de estudantes)

	Total		Estudantes	
	Nº	PE (kg CO ₂ /ano)	Nº	PE (kg CO ₂ /ano)
Facultade de Ciencias (Zapateira)	64	867	33	622
Facultade de Informática (Elviña)	63	767	33	704
Facultade de Ciencias da Educación (Elviña)	46	1200	27	1148
Facultade de Economía e Empresa (Elviña)	37	625	16	514
Escola Técnica Superior de Arquitectura (Zapateira)	27	1828	15	1055
Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (Elviña)	26	1826	7	814
Facultade de Filoloxía (Zapateira)	26	528	17	633
Facultade de Socioloxía (Elviña)	24	1274	11	398
Facultade de Dereito (Elviña)	18	1121	8	650
Reitoría (Maestranza)	17	930	0	-
Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI) (Elviña)	15	1416	0	-
Facultade de Ciencias da Saúde (Oza)	15	1233	10	209